


## Antonio Rodríguez Colmenero

Nace en Lucenza, Cualedro (Ourense), en 1936. Estudia a carreira eclesiástica no Seminario de Ourense, no que adquire o mellor da súa formación persoal e humanística, e canto gregoriano na Universidade Pontificia de Salamanca e Sorbona de París. Exerce o ministerio sacerdotal durante dez anos, obtendo a dispensa papal dos seus votos en 1974. Contrae matrimonio canónico dous anos despois.

Para entón xa se licenciara en Filosofía e Letras pola Universidade de Valladolid da que pasou a ser profesor de Historia Antiga.

Lida a súa tese doutoral en 1975 trasladouse á Universidade de Deusto, da que foi Profesor Agregado durante seis anos. Despois, incorporouse á Universidade de Alicante como Pofesor Titular, e posteriormente ás de Oviedo e Santiago de Compostela con idéntica categoría académica. En 1999 optou, por oposición, e gañou unha cátedra de historia antiga da Universidade de Santiago de Compostela, campus de Lugo. Chegado á idade de xubilación foi nomeado Profesor Emérito e posteriormente Profesor ad Honorem. É, ademais, Académico numerario da Real Academia Galega de Belas Artes, Correspondente da Real Academia da Historia, Vicepresidente da Fundación Aquae Quarquennae Via Nova e Director do Grupo Arqueolóxico Larouco, así como da revista do mesmo nome.



En canto á súa formación científica, cabe dicir que a adquiriu, á parte das universidades nas que foi profesor, nas alemás de Heidelberg e Colonia, así como nas italianas de Macerata e Roma II Tor Vergata.

Foi director, ao longo da súa vida académica, de numerosos proxectos de investigación, tanto nacionais coma internacionais, destacando entre eles as escavacións arqueolóxicas da cidade de Lugo, do campamento romano de Aquis Querquennis (Bande, Ourense), do Poboado romano de Santa Marta, Oratorio paleocristián de Ouvigo, escavacións de Aquae Flaviae (Chaves, Portugal) e varias máis. Interveu, ademais, como asesor científico, en sete proxectos europeos relacionados coas vías romanas do Noroeste Peninsular, así como noutros tres cuxa temática se concretou nos santuarios rupestres da mesma época.

Promoveu e participou en numerosas exposicións arqueolóxicas de ámbito autonómico e nacional, así como en proxectos internacionais relacionados coa epigrafía (Corpus Inscriptionum Latianrum da Academia de Berlín e Miliaria Imperii Romani deste mesmo centro científico).

É autor de máis dunha vintena de monografías relacionadas coa arqueoloxía e a historia antiga e de máis de tres centenares de artigos que versan sobre estas mesmas materias.

Ao longo da súa vida académica desempeñou diversos cargos e sido membro de diversos foros e organismos de tipo cultural e patrimonial.